

INSCRICIÓN ABERTAS ATA 06 DE MAIO 2022

Curso de interpretación pianística Pianeiros 2022

DATAS - 6 a 9 de xuño 2022

10:30- 13:30 | 16:00-19:00

A CORUÑA – AUDITORIO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA

PROFESORA

Carmen Deleito

O Curso de interpretación pianística Pianeiros 2022 está organizado polo Conservatorio Profesional de Música de A Coruña e a Asociación Pianeiros e conta coa colaboración da Asociación de Nais e Pais deste centro educativo, a ANPA MiFaSol.

O obxectivo deste proxecto de educación musical é estimular e favorecer o desenvolvemento musical dos mais novos, así como proporcionar aos mais maiores a oportunidade de ampliar a súa formación académica.

DESTINATARIOS

As xornadas están deseñadas para xóvenes estudantes de piano, de 2ºGE a 6º GP, e niveis superiores.

As clases serán impartidas pola Profesora Carmen Deleito.

Suliñamos a importancia da asistencia de todos os participantes a todas as clases co obxectivo dun maior aproveitamento pedagóxico.

DATAS E HORARIOS

De 10:30h a 13:30h e de 16:00h a 19:00h nos días 6, 7, 8 e 9 de xuño.

LUGAR

Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

Pza. do Conservatorio s/n CP15011 A Coruña

CLASES

Os alumnos activos de 3º e 4º de Grao Elemental, 1º e 2º de Grao Profesional recibirán 2 clases individuais de media hora, en días alternos (9 prazas).

Os alumnos activos de 3º a 6º de Grao Profesional e niveis superiores recibirán 2 clases individuais de corenta e cinco minutos, en días alternos (10 prazas).

Os alumnos presentarán o programa que queren traballar, a súa elección.

O día 9 de xuño, ás 19:00h no Auditorio do CMus Prof. de A Coruña terá lugar a clausura do curso, coa entrega de diplomas e o concerto final.

INSCRICIÓN

O número de prazas é limitado. As inscricións estarán abertas ata o 6 de maio.

A inscrición débese facer exclusivamente a través do formulario online que se atopa na web www.pianeiros.es

Será necesario adxuntar o xustificante bancario do pagamento.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición. Os alumnos activos recibirán por mail a confirmación de praza, unha vez rematado o prazo. No caso de que a inscrición como activo sexa imposible por falta de praza, devolverase o importe íntegro da matrícula, ou se obterá a condición de ouvinte, a elección do alumno.

PAGAMENTO

O pagamento efectuarase a través de transferencia bancaria á seguinte conta:

Titular: ANPA MIFASOL CMus Prof A Coruña

Banco: ARQUIA, caja de arquitectos

IBAN ES89 3183 1500 92 1003708425

Concepto: Matrícula Curso de interpretación pianística Pianeiros 2022, nome e apelidos do alumno e modalidade de asistencia.

ALUMNOS ACTIVOS (3º, 4º GE, 1º, 2º GP)

Matrícula reducida para socios de Pianeiros.....56€

Matrícula ordinaria80€

ALUMNOS ACTIVOS (3º,-6º G.P. e niveis superiores)

Matricula reducida para socios de Pianeiros.....86€

Matrícula ordinaria (non socios de Pianeiros).....120€

ALUMNOS OUVINTES:

Socios de Pianeiros / Socios da Anpa.....0€

Non socios da Anpa nin de Pianeiros.....6€ / día

Os alumnos activos socios da ANPA MiFaSol recibirán un desconto do 15% sobre o prezo da matrícula ordinaria.

Admitiranse inscricións de media matrícula (unha soa clase individual) para aqueles alumnos activos que así o soliciten.

Participación no concerto final co acordo da Profesora Deleito.

En caso de dúbidas, ou para máis información poden escribir á dirección de correo electrónico: info@pianeiros.es